

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA CORUÑA POLO QUE SE DESENVOLVE O CONVENIO MARCO ASINADO O 4 DE OUTUBRO DE 2021, PARA A DOTACIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NO ANTIGO MERCADO DE SANTA LUCÍA (A CORUÑA)

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 26 de xuño de 2025, co Concello da Coruña o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura por un período de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde o Concello da Coruña para dotar á zona do antigo mercado de Santa Lucía dun novo centro de saúde, en desenvolvemento do Convenio marco asinado en 04.10.2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas dedicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello da Coruña, considerouse necesario dotar á zona do antigo mercado de Santa Lucía dun novo centro de saúde, como resultado do peche do de Federico Tapia.

Ante esta necesidade e coa previsión do Concello da Coruña de realizar a rehabilitación integral do edificio do antigo mercado de Santa Lucía, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña formalizaron en data 04.10.2021 un convenio marco de colaboración polo cal, en síntese:

- O Concello da Coruña comprometéase a ceder ao Servizo Galego de Saúde o uso dunha parte do edificio (estimada nun porcentaxe a modo indicativo e adiando á súa concreción ata a redacción do proxecto) para que se destine a centro de saúde durante un prazo de 30 anos, prorrogable por outros 30 anos,
- O Servizo Galego de Saúde comprometéase a destinar a parte do edificio cedido a centro

de saúde e a facerse cargo, na medida que proporcionalmente lle corresponda ao centro de saúde, dos custos de redacción de proxecto, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, execución da obra e mantemento da mesma.

En desenvolvemento do convenio marco realizouse un concurso de proxectos con participación de xurado, conformado por membros do Servizo Galego de Saúde e do Concello da Coruña, no cal se aboaron premios por importe total de 45.000 euros. Consecuentemente, o Concello da Coruña formalizou coa entidade gañadora o contrato de servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución e dirección facultativa da reforma do antigo mercado de Santa Lucía.

En execución deste contrato foi elaborado o Proxecto básico e de execución de rehabilitación do antigo mercado de Santa Lucía na Coruña. Segundo o dito proxecto a porcentaxe do inmovible destinado a centro de saúde correspóndese co 54,12% do total.

A cláusula Quinta do convenio marco establecía: *“As obrigas recollidas neste convenio marco que se indican nas seguintes cláusulas faranse efectivas cando se materialice o correspondente convenio de desenvolvemento do mesmo”*. En cumprimento desta previsión foi necesario formalizar o convenio que desenvolve o estipulado no asinado o día 04.10.2021.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

